# REUNIÓN DA COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 19.01.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de xaneiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Proposicións non de lei**

1.1 20759 (10/PNC-001694)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun procedemento de avaliación do interese agrario para efectuar a reestruturación territorial das terras, tendo en conta as achegas das persoas interesadas mediante a realización dun trámite de consulta
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017*

1.2 21075 (10/PNC-001727)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa data de publicación da convocatoria de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, así como o prazo establecido para a xustificación das concedidas no ano 2017
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017*

1.3 21269 (10/PNC-001747)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co prazo fixado no ano 2017 para a xustificación do investimento das axudas concedidas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo, así como o seu establecemento nas futuras convocatorias e as políticas a medio prazo en materia de xestión da fauna salvaxe
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017*

1.4 21674 (10/PNC-001776)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos espazos incluídos na Rede Natura 2000 de Galicia e o seu aproveitamento de cara á súa regulamentación detallada e á implantación de mecanismos de compensación directa aos propietarios dos terreos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA

**Punto 2. Preguntas**

2.1 21646 (10/POC-003463)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas para evitar as escorrentías producidas pola cinza dos incendios e as fortes choivas e as súas consecuencias nocivas para o medio ambiente
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017*

2.2 21864 (10/POC-003509)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da recente creación da Indicación Xeográfica Protexida "Ribeiras do Morrazo"
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*

2.3 22086 (10/POC-003600)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a desclasificación do monte veciñal en man común de A Lanzada do concello de Sansenxo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

# COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidente

| | |
|---|---|
| Moisés Blanco Paradelo | P |

Vicepresidente

| | |
|---|---|
| Daniel Vega Pérez | P |

Secretario

| | |
|---|---|
| José Manuel Pérez Seco | S |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Silvestre José Balseiros Guinarte | P |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| José González Vázquez | P |
| Paula Quinteiro Araújo | EM |
| José Antonio Quiroga Díaz | S |
| José Luis Rivas Cruz | BNG |
| David Rodríguez Estévez | EM |

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 20759(10/PNC-001694)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun procedemento de avaliación do interese agrario para efectuar a reestruturación territorial das terras, tendo en conta as achegas das persoas interesadas mediante a realización dun trámite de consulta

*Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:30
Nº Rexistro: 20759
Data envio: 27/11/2017 13:30:37.409

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Silvestre Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez** e **Encarna Amigo Díaz,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

**Exposición de motivos**

O concepto de reforma das estruturas agrarias, que historicamente se recolle na lexislación como un fin en si mesmo e como un conxunto de actuacións independentes do contorno económico e social, serviu para dotar de infraestruturas e, en certa medida, para facilitar a transformación do sector agrario galego.

Hoxe en día a estratexia de desenvolvemento rural pasa por concibir o medio rural como un todo no cal, sen dúbida, a actividade agraria debe ocupar un lugar principal, pero non único nin independente. O espazo rural enténdese, desde este enfoque, como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio e, como corolarios, a loita contra o abandono, a mitigación dos efectos do cambio climático, a alimentación sa e de calidade, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural, estase a dotar nestes últimos anos dun conxunto de normas xurídicas propias tendentes a conformar un corpo legal que cubra este obxectivo:

- A Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras,
- A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia,
- Ou a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:30
Nº Rexistro: 20759
Data envio: 27/11/2017 13:30:37.409

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O artigo 2 da METAGA sinala, entre os obxectivos xerais da norma, a mellora das condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.

Pola súa banda para o inicio dun proceso de mellora da estrutura territorial agraria nunha zona será necesario acreditar, con carácter previo, que se cumpre algún dos requisitos necesarios para acadar os obxectivos xerais que se establecen no artigo 2 desta lei. A finalidade desta acreditación é realizar a mellora naquelas zonas do noso territorio na que exista un interese agrario que xustifique a actuación.

Faise necesaria polo tanto establecer un procedemento de avaliación para valorar a posible adecuación o cumprimento dos obxectivos xerais da actuación de mellora estrutural agraria a realizar.

O Grupo Parlamentario Popular pensa que ademais do traballo a desenvolver pola Administración Pública neste eido, é imprescindible contar coa colaboración e apoio das persoas afectadas e que viven no territorio sobre o que actuar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Establecer un procedemento de avaliación do interese agrario para efectuar as reestruturacións de terras.

2. Que no procedemento de avaliación do interese agrario que se configure, se teñan en conta as aportacións das persoas interesadas, dándolle a tal efecto un trámite de consulta”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:30
Nº Rexistro: 20759
Data envio: 27/11/2017 13:30:37.409

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/11/2017 13:26:59**

**José González Vázquez na data 27/11/2017 13:27:16**

**Raquel Arias Rodríguez na data 27/11/2017 13:27:24**

**Moisés Blanco Paradelo na data 27/11/2017 13:27:31**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/11/2017 13:27:38**

**Carlos Gómez Salgado na data 27/11/2017 13:27:45**

**Daniel Vega Pérez na data 27/11/2017 13:27:55**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2017 13:28:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 21075(10/PNC-001727)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa data de publicación da convocatoria de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, así como o prazo establecido para a xustificación das concedidas no ano 2017

*Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21075
Data envio: 04/12/2017 11:19:57.302

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 30 de novembro, empezáronse a recibir as resolucións de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e xabaril. Todas elas teñen un prazo de xustificación que remata o 11 de decembro.

A resolución deixa, no mellor dos casos 10 días naturais para facer os trámites necesarios. Na práctica, con dous fins de semana e dous festivos polo medio, os gandeiros/as dispoñen de 6 días para poder mercar, pagar, identificar, certificar os investimentos e xustificar a axuda.

Esta situación non é unha novidade para a Consellería de Medio Ambiente xa que o ano pasado aconteceu exactamente o mesmo.

Por segundo ano consecutivo convocáronse as axudas e, igual que o ano pasado, volveron publicarse no mes de agosto. Houbo máis de 1.200 solicitudes o que demostra a gran demanda de métodos de prevención do sector gandeiro.

A tramitación dos expedientes foi levada unicamente polos servizos centrais de Santiago (as delegacións territoriais non puideron tramitalos), e tivo moita demora pola

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21075
Data envio: 04/12/2017 11:19:57.302

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complexidade da tramitación, o que nos obrigaría a convoca-la liña de axudas con máis antelación

Esta mala planificación, así como no retraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica un problema, o da convivencia coa fauna salvaxe, no que os primeiros damnificados son os habitantes do rural, así como a propia fauna.

É de destacar tamén que este ano non foron convocadas axudas directas por danos ocasionados polo porco bravo, que son considerables. O desespero da xente do campo é grande vendo a impasibilidade e insensibilidade da Consellería diante desta problemática que vén sumarse a outras. Hai xa quen chega a preguntarse se todo isto non estará dentro dunha táctica perniciosa para obrigar á xente a abandonar totalmente a actividade agrogandeira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta ó goberno da Xunta de Galiza a:

- Prorrogar o prazo da resolución de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e xabaril, para face-los trámites, certifica-los investimentos e xustifica-la axuda, durante un tempo prudencial, que poderiamos fixar a mediados de xaneiro do próximo ano.

-Tomar nota do acontecido e publicar nos próximos anos a convocatoria de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e xabaril

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21075
Data envio: 04/12/2017 11:19:57.302

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no primeiro trimestre, permitindo un prazo de xustificación mínimo de tres meses para poder programar adecuadamente a compra de cadelos de raza mastín.

-Publicar as seguintes ordes de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo, xabaril e oso despois de acadar un consenso co sector agrogandeiro e dacordo cos grupos conservacionistas e demais implicados, co obxectivo de consensuar as medidas a tomar e facilitar a súa correcta implantación e difusión.

-Instar a Dna. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a reunirse co sector agrogandeiro e cos grupos e entidades que promulgan a convivencia entre a actividade humana no rural e a fauna salvaxe. Instar que se trate de adaptar o marco lexislativo actual en materia de convivencia coa fauna salvaxe á situación real do territorio, en especial sobre a problemática do lobo.

-Retomar as liñas de axudas por danos do porco bravo e a de axudas de prevención de ataques fronte ao oso.

-Toma-las medidas necesarias que faciliten a xestión desta especie e diminúan considerablemente a presión que está a facer sobre da actividade agrogandeira.”

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21075
Data envio: 04/12/2017 11:19:57.302

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/12/2017 11:14:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/12/2017 11:14:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2017 11:14:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/12/2017 11:14:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/12/2017 11:14:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/12/2017 11:14:41**

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 21269(10/PNC-001747)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co prazo fixado no ano 2017 para a xustificación do investimento das axudas concedidas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo, así como o seu establecemento nas futuras convocatorias e as políticas a medio prazo en materia de xestión da fauna salvaxe

*Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 16:50
Nº Rexistro: 21269
Data envio: 07/12/2017 16:50:24.655

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Tanto o mastín como outras razas de can pastor –moi frecuentes nas zonas rurais para protexer a gandería dos posibles depredadores como o lobo– son cans moi utilizados e estendidos por toda Galicia.

Non obstante, a pesares de que estes cans se atopan por todo o territorio, conseguir un exemplar de menos de 4 meses e con todos os certificados en orde en 6 días, como pretendía a resolución de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo, convértese nunha misión máis que complicada nalgúns dos casos.

O prazo outorgado para xustificar as axudas (10 días naturais) remata o 11 de decembro de 2017 e, non foi ata o 30 de novembro do mesmo ano, que os/as gandeiros/as comezaron a recibir as primeiras resolucións de axuda para implantar estas medidas preventivas. Isto tradúcese en que simplemente teñen menos dunha semana (contando con dous festivos e dúas fins de semana polo medio) para realizar todos os trámites para conseguir e xustificar todo –achegando a documentación relativa aos controis sanitarios, a documentación acreditativa da identificación do animal e a súa inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos– tendo que atopar, mercar, pagar, identificar e certificar o gasto subvencionado. Polo que o tempo é un factor máis que determinante á hora de realizar estas xestións.

Todo isto sumado ao atraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica o problema da convivencia coa fauna salvaxe, sendo os primeiros damnificados os habitantes do rural e a propia fauna. Cabe mencionar aquí, tamén, que como tantas veces se nos dixo, estamos na lexislatura do rural. Non obstante, esta segue a ser cada vez menos rural e máis de abandono deste.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2017 16:50
Nº Rexistro: 21269
Data envio: 07/12/2017 16:50:24.655



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) Abra un novo prazo extraordinario para poder xustificar os gastos para recibir así as axudas correspondentes e darlle a posibilidade aos gandeiros/as de conseguir un can capaz de defender o gando de posibles ataques.

2º) Nas próximas convocatorias de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques dos lobos e xabarís, estableza un prazo de xustificación e solicitación realista capaz de garantirlle o acceso ao maior número de beneficiarios posibles.

3º) No medio prazo –unha vez escoitado, reunido e acordado cos axentes do sector afectado– estableza políticas realistas capaces de xestionar un problema como o da fauna salvaxe nas que, polo menos, se lles dea aos gandeiros unha marxe de acción suficiente.

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/12/2017 16:45:04**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 07/12/2017 16:45:15**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/12/2017 16:45:27**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 21674(10/PNC-001776)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos espazos incluídos na Rede Natura 2000 de Galicia e o seu aproveitamento de cara á súa regulamentación detallada e á implantación de mecanismos de compensación directa aos propietarios dos terreos

*Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 13:48
Nº Rexistro: 21674
Data envio: 20/12/2017 13:48:30.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **David Rodríguez Estévez e das deputadas Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7ª**, relativa ás compensacións que deben de ter os terreos que están sitos en Rede Natura ou en outras figuras de protección medioambiental.

Exposición de motivos

Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arranxo á Directiva sobre hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves (Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres)nova venta.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia é o instrumento básico para a planificación, ordenación e xestión en rede das zonas de especial conservación (ZEC) e das Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 13:48
Nº Rexistro: 21674
Data envio: 20/12/2017 13:48:30.893



O Plan Director é un plan de ordenación dos recursos naturais de todos os espazos incluídos na Rede Natura 2000 de Galicia. O Plan define un programa de medidas encamiñado a harmonizar a conservación dos hábitats e especies cos usos e aproveitamentos necesarios para garantir o desenvolvemento dos habitantes do territorio incluído na Rede Natura 2000.

Nos criterios sobre os usos permitidos nos terreos dedicados á actividade agropecuaria (agrícola, gandeira e forestal) en zonas de Rede Natura 2000, di que no medio rural de Galicia as actividades relacionadas co sector primario (actividade agrícola, gandeira e forestal) teñen un marcado carácter tradicional, baseado na utilización racional dos recursos dun xeito compatible coa conservación dos espazos naturais.

O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, considera os usos permitidos como calquera actividade compatible cos obxectivos da declaración das ZEC e ZEPA e que pode, polo tanto, desenvolverse sen limitacións especiais, ben na súa totalidade ou ben nas áreas onde a categoría de zonificación así o permita.

Considéranse usos ou actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que son compatibles coa protección do espazo natural porque non causan afección apreciable, e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin recollidos na normativa específica contida no antedito Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Os usos permitidos non requiren de autorización do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza, sen prexuízo do resto de autorizacións sectoriais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 13:48
Nº Rexistro: 21674
Data envio: 20/12/2017 13:48:30.893

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Pois ben, o que está a acontecer é que a xestión destes territorios, tanto dos particulares como dos públicos e MMVVMC, significan custes para os e as titulares dos mesmos. Teñen que dotarse de plans de ordenación, contratar a brigadas para combater os lumes e facer traballos de silvicultura, etc..., todo isto mentres están limitando o uso e aproveitamentos destas superficies.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver as actuacións necesarias, en orde á tramitación e aprobación dun proxecto de regulamentación de mecanismos necesarios e condicións, para incentivar as externalidades positivas dos terreos que estean sitas en Rede Natura ou outras figuras de protección medioambiental, en orde a regulamentación detallada de implantación dos mecanismos de compensación directa aos titulares dos terreos.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2017.

Asdo.: David Rodríguez Estévez, Asdo.: Luís Villares Estévez

Paula Quinteiro Araújo, Voceiro do G.P. de En Marea

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 13:48
Nº Rexistro: 21674
Data envio: 20/12/2017 13:48:30.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**David Rodríguez Estévez na data 20/12/2017 13:46:24**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/12/2017 13:46:32**

**Paula Vázquez Verao na data 20/12/2017 13:46:39**

**Luis Villares Naveira na data 20/12/2017 13:46:43**

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 21646(10/POC-003463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas para evitar as escorrentías producidas pola cinza dos incendios e as fortes choivas e as súas consecuencias nocivas para o medio ambiente

*Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2017 17:45
Nº Rexistro: 21646
Data envio: 19/12/2017 17:45:41.568

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á Mesa do Parlamento**

**Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo, Luis Villares Naveira e Paula Vázquez Verao,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª**

Coa chegada das choivas e especialmente coa cicloxénese explosiva Ana, e outras que virán despois, e cos intensos incendios producíronse escorrentías que provocan que o coñecido como "chapapote do monte" chegue ao mar, poñendo en perigo as augas dos ríos, a flora e fauna, entre eles as lampreas, as anguías, e outros, e tamén os bancos marisqueiros, as bateas con mexillón, os ecosistemas propios das rías, a da costa máis próxima.

É urxente tomar medidas que podan paliar os danos que se poden ocasionar implementando medidas para reducir a contaminación derivada das cinzas, e da biomasa calcinada, e tamén dos residuos.

Esta chega agora inevitablemente a través dos ríos contaminados polo arrastre das choivas dese chapapote do monte a través do Arnoia, que deixou imaxes dun río negro, tamén en Esgos, en Xunqueira de Espadañedo, en Baños de Molgas, pois arderon en toda Galicia máis de 50.000 hectáreas.

Tamén noutras zonas como nos Ancares onde o río que se converte en afluente do Ser baixaba con terra e ramas das zonas queimadas, inda que a neve axudou a que non fora a máis, tamén baixaba negro o río en Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, Maceda, Allariz.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2017 17:45
Nº Rexistro: 21646
Data envio: 19/12/2017 17:45:41.568

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A Xunta de Galicia gastou cartos en espallar palla polos montes de Ancares con helicópteros, cando co custo do mesmo se contrata unha brigada traballando todo un mes, para evitar que se pisara o chan... nun solo no que é evidente a perda de terra, de solo, que tardará anos en recuperarse, tal e como denuncian asociacións ecoloxistas. Despois de gastar tantos cartos nisto, multa as gandeiras se as vacas pacen no monte queimado, ou se o pisan ao pasar de monte a monte sen ter en conta a perda económica que xa sofren.

Tamén se espallou mediante este método noutras zonas sen éxito, pois á vista dos temporais que normalmente asolagan Galicia, estas medidas semellaban e foron insuficientes. As Confederacións Hidrográficas tiveron tempo de traballar nun outono especialmente seco e poñer medidas e barreiras de contención e arrastre, fora dunha campaña de cara aos medios.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª

1. Cre a Xunta de Galicia que se tomaron as medidas axeitadas para evitar escorrentas?
2. Que medidas se tomaron a parte de esparexer palla no monte, e limpar as cunetas?
3. Que medidas tomaron as Confederacións Hidrográficas para evitar a contaminación das augas e dos ríos?
4. Que medidas se van tomar agora para evitar a contaminación dos bancos marisqueiros en plena campaña de Nadal?
5. Que outras medidas vai tomar a Xunta de Galicia para garantir a calidade das augas destinadas a consumo humano?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2017 17:45
Nº Rexistro: 21646
Data envio: 19/12/2017 17:45:41.568

GRUPO PARLAMENTAR en marea

6. Que medidas se van tomar de cara a protexer os ecosistemas dos ríos fronte a chegada das cinzas aos mesmos e mesmo as rías?

Santiago de Compostela, a 19 de decembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/12/2017 17:35:06**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/12/2017 17:35:24**

**Paula Vázquez Verao na data 19/12/2017 17:35:31**

**Luis Villares Naveira na data 19/12/2017 17:35:36**

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 21864(10/POC-003509)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da recente creación da Indicación Xeográfica Protexida "Ribeiras do Morrazo"

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21864
Data envio: 27/12/2017 14:15:21.920

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado** e **Daniel Vega Pérez** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Galicia é unha das comunidades autónomas que conta con maior número de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, o que supón unha oportunidade para a modernización e o crecemento do sector elaborador.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, o avance nas marcas e distintivos de calidade figuraba como punto destacado e, en concreto, facíase referencia a "Seguir desenvolvendo as Indicacións Xeográficas actualmente iniciadas" entre as que se mencionaba expresamente a IXP Ribeiras do Morrazo.

Despois das eleccións, a Xunta cumpriu ese compromiso electoral ata o punto de que a colleita de 2017 será a primeira que poida producirse e comercializarse baixo este selo de calidade.

E isto é así porque dende o pasado mes de marzo, despois de terse publicado a orde pertinente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, habilitouse a protección nacional transitoria que permite operar baixo este selo no mercado nacional.

Esta nova IXP aglutina aos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Vilaboa, Pontevedra, Poio e Redondela, que contan con algo máis de 2.300 hectáreas de viñedo.

Os viños protexidos son brancos e tintos cunha gradación mínima de 11,5 e 10,0 % Vol., respectivamente. E as uvas, variedades brancas albariño, caíño branco, godello, loureira, treixadura, branco lexítimo e torrontés; e tintas, brancellao, caíño tinto, pedral, espadeiro, loureiro tinto, mencía e sousón.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21864
Data envio: 27/12/2017 14:15:21.920

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

En relación con este asunto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados da recente creación da Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 13:53:48**

**José González Vázquez na data 27/12/2017 13:54:01**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 13:54:14**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 13:54:21**

**Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 13:54:28**

**Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 13:54:36**

**Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 13:54:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.01.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 22086(10/POC-003600)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a desclasificación do monte veciñal en man común de A Lanzada do concello de Sansenxo

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envio: 03/01/2018 13:19:41.612

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O monte de A Lanzada foi declarado como veciñal en man común o día 22 de xuño de 1989. Con data de 22/1/1994, o Concello de O Grove presenta, diante da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galiza, a petición da revisión de oficio da declaración do monte veciñal de A Lanzada, alegando un defecto de forma. Tal defecto consiste en que no proceso de declaración do monte de A Lanzada como de veciñal en man común, o concello de O Grove non foi consultado.

Logo de varias desestimacións do recurso presentado polo Concello de O Grove, con data 5 de maio de 2011, un auto ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, declara nula a declaración do monte de A Lanzada como de veciñal en man común e obriga ao Xurado Provincial de clasificación a revisar o acordo da declaración.

O día 14 de xuño de 2017, o Xurado de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, co voto en contra do representante das comunidades de montes da provincia de Pontevedra, declarou como non veciñal o monte de A Lanzada na parroquia de Noalla, no concello de Sanxenxo, revocando unha sentencia do mesmo organismo de data xuño de 1989.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envio: 03/01/2018 13:19:41.612

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe máis negativo, e determinante para non declaración do monte veciñal de A Lanzada como veciñal en man común, foi o do Servizo Provincial de Montes, organismo da Consellería de Medio Rural, e consideramos que obrigado a velar pola integración e conservación dos montes veciñais.

Afirma o citado informe que non se pode declarar o monte como de veciñal en man común xa que **os usos actuais do mesmo, non son forestais.** Claro que o artigo da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente di que os montes veciñais sono, independentemente dos seus usos actuais.

De igual xeito irregular dá validez a que o monte de A Lanzada estea no rexistro de bens do concello de O Grove cando o **artigo 27 do regulamento da lei de montes veciñais** di que o feito de que un monte estea rexistrado a favor de terceiros, non é impedimento para a clasificación do mesmo como de veciñal en man común.

Igualmente argumenta que non se pode declarar o monte como veciñal por se atopar dentro da Rede Natura cando estar nesta figura de protección medioambiental pode hipotecar usos pero non pode cuestionar a propiedade.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

-Por que o Xurado Provincial de Pontevedra de clasificación de montes veciñais en man común, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, cambiou os criterios (incumprindo os preceptos da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente) e desclasificou o monte veciñal en man común de Noalla?

-Que intereses ocultos, ou non ocultos, existen para que o Xurado provincial de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envio: 03/01/2018 13:19:41.612

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

clasificación de montes veciñais de Pontevedra, incumprindo os preceptos de lei de montes veciñais, desclasificase o monte de Noalla, como veciñal en man común?

-Está a Consellería ó tanto de que se trata dun anaco de monte que pola súa situación xeográfica ten un alto valor especulativo, que xa fora obxecto, antes da súa devolución á propiedade comunal, de proxectos urbanísticos e que continúa a ter esa imaxe de posible especulación?

-Cal é o posicionamento actual da Consellería a respecto do Monte de A Lanzada?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envio: 03/01/2018 13:19:41.612

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 13:19:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 13:19:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 13:19:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 13:19:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 13:19:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 13:19:16**